

AXUDAS PARA A MELLORA DAS ESTRUTURAS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

[antes axudas de incorporación e plan de mellora]

PRAZO: Dous meses. Ate o 23/03/2024

Novidades:

- Incremento dos importes das axudas de incorporación
- **Novas liñas de axuda:**
 - Axudas de incorporación para maiores de 40 anos
 - Axudas específicas para investimentos en almacenamento e xestión de xurros e esterco
 - Axudas específicas para investimentos en pequenas granxas.
- Tramitación exclusivamente electrónica
- Prazo de solicitude de 2 meses [23/03/2024]

INCORPORACIÓN DE PERSOAS AGRICULTORAS **MOZAS**

- **Requisitos**
 - Idade entre 18 e 40 anos (ambos incluídos).
 - Incorporarse por primeira vez ou nos 12 meses anteriores.
 - Cumprir coa condición de Agricultor Profesional nos 18 meses posteriores á data de establecemento
 - Acadar unha renda mínima equivalente ao 35% da renda de referencia.
 - Acadar un nivel de capacitación profesional suficiente nos 36 meses posteriores á data de establecemento.
 - Non ter recibido a mesma axuda con anterioridade.
 - Presentar un plan empresarial xunto cun plan de produción e de investimentos
- **Compromisos**
 - Permanecer na actividade agraria 5 anos dende o pagamento final da axuda
 - Participar no programa de titorización de mozas levado a cabo pola consellería de medio rural a través das oficinas rurais.
- **Importe da axuda**

Axuda de base de 30.000 € ate un máximo 70.000 € en función dos seguintes criterios:

 - Muller: +10.000 €
 - Incorporarse en Zona de Montaña ou Rede Natura: +10.000 €
 - Incorporarse nunha granxa de agricultura ecolóxica: +10.000 €
 - Incorporarse nunha granxa de titularidade compartida: +10.000 €

No caso de incorporarse nunha **granxa intensiva** a axuda limitarase a 30.000 €
- **Xustificación da axuda:**
 - Prazo máximo de 24 meses logo da concesión da axuda
 - 2 prazos de pago: 60% logo da concesión e 40% restante logo da execución do plan empresarial